



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2024/E001/000012
2025/G003/000237

DECRETO POLO QUE SE APROBA A RELACIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, SE DESIGNAN AS/OS MEMBROS DE COMISIÓN DE VALORACIÓN E SE DETERMINA O LUGAR, DÍA E HORA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN PARA OS EFECTOS DE VALORAR AS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO ENCAMIÑADO AO NOMEAMENTO DUNHA PERSOA FUNCIONARIA DE CARREIRA (POLICÍA) EN COMISIÓN DE SERVIZOS

ANTECEDENTES DE FEITO

- Informe do oficial-xefe da Policía Local, que leva data do 07/12/2024, no que se fai constar a necesidade de dispoñer de persoal en comisión de servizos.
- Providencia de inicio do procedemento, ditada pola concelleira-delegada de Área o 09/12/2024.
- Proxecto de bases reguladoras da convocatoria, asinado pola concelleira-delegada o 16/12/2024.
- Informe do técnico de administración xeral (TAX) emitido o 16/12/2024.
- Informe núm. 9/2025, do 16 de xaneiro, emitido pola Intervención Municipal.
- Decreto núm. 133/2025, do 17 de xaneiro, polo que se efectúa a convocatoria e se aproban as súas bases.
- Publicación no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 14, do 22/01/2025, da convocatoria e bases.
- Prazo de presentación de solicitudes de participación ata o 05/02/2025: durante ese prazo unicamente se presentou unha persoa aspirante.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A base Cuarta das reitoras do procedemento, establece:

“CUARTA. Relación de aspirantes admitidos/as

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que será publicada na sede electrónica deste concello e na páxina *web* municipal, concedéndose o prazo de tres (3) días hábiles para reclamacións. Ditas reclamacións, de habelas, resolveranse polo mesmo órgano que aprobou a lista provisional a través de resolución pola que se aprobará igualmente a lista definitiva.

No caso de non haber reclamacións ditarase igualmente resolución declarando a lista como definitiva.

Esta resolución aprobatoria da lista definitiva será igualmente publicada na sede electrónica e na páxina *web* municipal.”



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

E a base Sexta trata dos aspectos relativos á designación dos membros da Comisión de valoración e ao seu funcionamento.

Correspóndelle á concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá ditar a presente resolución, en virtude das atribucións que lle foron delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, corrixido pola Resolución núm. 2001/2024, do 5 de novembro (BOP núm. 216, do 08/11/2024).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Aprobar a relación **definitiva** de persoas aspirantes admitidas e das excluídas no proceso encamiñado á provisión, mediante **comisión de servizos**, dunha praza de **policía** (persoal funcionario de carreira) do Corpo da Policía Local, nos seguintes termos:

a) Persoas aspirantes definitivamente **admitidas**:

- **Santiago Vélez Serrano**, con DNI ***2359**

b) Persoas aspirantes definitivamente **excluídas**:

Ningunha

2. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao procedemento de provisión, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3. Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira deste concello do subgrupo C1, para integrar o órgano de selección (Comisión de valoración) na condición que en cada caso se indica:

- **Presidencia:**

- . Titular: Anselmo Pellón Augusto, oficial-xefe da Policía Local policía local
- . Suplente: Richard González Alonso, policía local

- **Secretaría:**

- . Titular: Ana Isabel Caaveiro Franco, administrativa
- . Suplente: Sandra López Rodríguez, administrativa

- **Vogalías:**

1ª):

- . Titular: Lucía Legaspi Bouza, policía local



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

. Suplente: Guadalupe Rouco Alonso, administrativa

2ª):

. Titular: Óscar Ferreiro Filgueiras, policía local

. Suplente: Andrés Soto Carlín, policía local

3ª):

. Titular: Martina Gómez Martínez, administrativa

. Suplente: Noelia Tembrás Tembrás, administrativa

5. Fixar o lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización do concurso de méritos nos seguintes termos:

a) Día: **mércores, 12 de febreiro de 2025**

b) Lugar: Casa do Concello

c) Constitución da Comisión de valoración: **09:00 horas.**

d) Realización do concurso: **09:15 horas.**

e) **Convocar** as persoas integrantes da Comisión de valoración para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados.

6. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida polas persoas interesadas mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D
<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá

Ana María Pena Purriños